

Bibliotecas escolares de Galicia



Cada un de nós ten dereito a coñecer –ou canto menos saber que existen— as grandes obras literarias do patrimonio universal: a Biblia, a mitoloxía grecorromana, a Ilíada e a Odisea, o teatro clásico, as epopeas medievais, o Quixote, a obra de Shakespeare e Camoens, as Mil e unha noites, os contos populares, os grandes poemas, novelas e obras teatrais que nos legaron. Varios deses contactos establécense por primeira vez na infancia e na xuventude, abrindo camiños que poden percorrerse despois novamente ou non, pero xa funcionan como unha sinalización e un aviso: “Esta historia existe... Está ao meu alcance. Se quero, sei onde ir buscala”.

Ana María Machado: *Lectura, escola e creación literaria*

**Lendo en abril
2005**

Un ano para achegarse aos clásicos:

- ☀ **O Quixote**
- ☀ **Os contos de Hans Christian Andersen**
- ☀ **Merlín e familia**

Un autor: Hans Christian Andersen (1805-1875)

Hans Christian Andersen naceu o 2 de abril de 1805 en Odensee (Dinamarca). De orixe humilde, sendo moi novo foi gañar a vida a Copenhague. Iniciouse no mundo do teatro e conseguiu unha bolsa para realizar os seus estudos. Viaxou por toda Europa. Escribiu novelas, contos e libros de viaxes.

A súa colección *Contos contados aos nenos*, publicada en 1835, obtivo un grande éxito. Seguiría escribindo e publicando relatos con regularidade. Titulou a súa biografía *O conto da miña vida*, convencido de que a historia da súa vida fora un conto tamén. Escribiu un total de 164 contos, sendo moitos deles parte do patrimonio cultural europeo e universal. As súas fontes de inspiración foron variadas: folclore danés, poesía, lembranzas autobiográficas, soños e vivencias cotiás.

Cada 2 de abril, celébrase a instancias da IBBY (International Board on Books for Young People) o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, en recoñecemento da súa obra.

Cada ano, un país membro desta organización encárgase de editar o cartel e a mensaxe que se dirixirá a todos os nenos e nenas do mundo. Este ano a responsabilidade recaeu na sección da India. O cartel é obra do ilustrador Jagdish Joshi e a mensaxe da escritora Manorama Jafa, *Os libros son os meus ollos máxicos*, pódese consultar no apartado de Fomento da lectura da sección Bibliotecas Escolares do portal educativo:

www.edu.xunta.es/portal



RECURSOS NA REDE

- <http://es.hca2005.net/> (Portal oficial da conmemoración do segundo centenario, en español).
- www.oepli.org/galix/index.htm (GALIX, Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil: conta cunha sección dedicada á celebración do Día Internacional do Libro Infantil, na que se pode ver o cartel e o lema conmemorativo).
- www.ciudadseva.com/textos/cuentos/euro/andersen/hca.htm (Selección de contos de Andersen na Biblioteca Digital Ciudad Seva).
- www.hadaluna.com/indices/andersenindex.htm (Versións dixitalizadas dos contos de Andersen).
- www.bibliotecasvirtuales.com/biblioteca/literaturainfantil/cuentosclasicos/andersen.asp (Biblioteca virtual, contos de Andersen).
- <http://desdelalma.tripod.com.ar/andersen.htm> (Selección de contos de Andersen).
- www.ciberoteca.com/search/autor_mes.asp?idAutor=38 (Páxina dedicada a Andersen con enlaces a contos do autor dispoñibles na rede, varios en galego).
- www.ricochet-jeunes.org/es/biblio/base9/andersen.htm (Páxina dedicada ao autor, con selección de contos e análise das temáticas máis recurrentes).
- angarmegia.webcindario.com/especial_andersen.htm (Páxina especial para o segundo centenario do autor. Enlaces a textos dixitalizados existentes na rede).
- http://es.geocities.com/biblio_e_5/andersen/habichuelas.pdf (Versión de "Las habichuelas mágicas" en formato PDF)
- www.symphonicfairytale.dk/artikel_text.php? (Andersen e a música).
- www.educared.net/aprende/anavegar5/podium/images/C/2568/actividades.htm (Actividades arredor da obra de Andersen nun centro educativo)
- www.ibby.org/Seiten/04_child.htm (Páxina oficial da Ibbly - Entidade organizadora do Día Internacional do Libro Infantil).
- www.ibby.org/Seiten/04_andersen.htm (Páxina da Ibbly- Premios Hans Christian Andersen).




Contos de Hans Christian Andersen en lingua galega

- *A princesa e o chicharo*.
Edit. Kalandraka
- *O patíño feo*. Edit. Kalandraka
- *O soldadiño de chumbo*.
Edit. Kalandraka
- *As mazás da prosperidade*.
Edit. Galaxia - A Chalupa
- *A raíña das neves*. Edicións Xerais
- *O abeto*. Edicións Xerais
- *O que o vento nos conta de Waldemar Daave*.
Edit. Argos Vergara
- *Ricote o de Carapucha*.
Edit. Sotelo Blanco
- *A sereíña*. Rula Edicións/Edicións do Cumio/Susaeta
- *O reiseñor*. Edit. Kalandraka
- *A vendedora de mistos*.
Edit. Kalandraka
- *O traxe novo do rei*. Edit.
Kalandraka
- *Contos de Andersen*. Edicións do Castro
- *Contos de Andersen*. Edicións Xerais
- *Dez contos de Andersen*.
Edit. Galaxia-Árbore



"Un clásico é un libro que nunca remata de decir o que ten que decir"

Italo Calvino



Lendo a Andersen... e algo máis

Os contos de Andersen teñen moitos niveis de lectura polo que poden ser degustados por pequenos e grandes. Son máis asequibles para o alumnado dos primeiros anos: *O patíño feo*, *O soldadiño de chumbo*, *A princesa e o chicharo*, *As flores da pequena Ida*, *A sereíña*, *Pulgariña*, *O reiseñor...* Pero outros como *A vendedora de mistos*, *O traxe novo do rei*, *A raíña das neves*, *As zapatillas vermellas*, *As mazás da prosperidade*/*O que fai o pai sempre está ben...* poden ser igulamente atractivos para os maiores.

Algúns dos temas recorrentes nos contos de Andersen:

- A confrontación entre a razón e o sentimento: *A raíña das neves* ou *A sereíña*.
- Presenza dun personaxe que non se adapta ao mundo no que lle tocou vivir: *O patíño feo*, *A sereíña*.
- A morte como un aspecto ligado de forma natural á vida: *A vendedora de mistos*, *A sereíña*, *Baixo o salgueiro* ou *Anne-Lisbeth*.
- A importancia das mulleres: en moitos contos de Andersen as mulleres son protagonistas, teñen o poder e a forza, como na *Sereíña*, *A raíña das Neves*, *A vendedora de mistos*, *Pulgariña...*

Para dar a coñecer a Andersen dende a biblioteca escolar, contextualizando e adaptando as propostas aos diferentes niveis e etapas, pódense organizar distintas actividades:

- Exposicións de diferentes edicións dos seus contos.
- Ambientación da biblioteca en función dun conto seleccionado, con propostas de lectura, de escritura creativa, da dramatización ou de expresión plástica, axeitadas aos diferentes niveis, a partires dos temas suxeridos polo conto.
- Narración e lectura en voz alta dos contos; conversas sobre os personaxes e as súas historias.
- Actividades de lectura compartida, tipo "maratón de lecturas" con participación das familias e mesmo doutras persoas alleas á comunidade escolar (xentes do teatro, do mundo do deporte, do espectáculo, traballadores de distintos ámbitos...)
- Análise dun conto e da película correspondente, no seu caso, para ver semellanzas e diferenzas no tratamento dos personaxes e da trama en xeral.
- Co alumnado de Secundaria, lectura e análise dun conto como metáfora do mundo actual: *A sombra*, *O traxe novo do rei* (Pódese facer a comparación deste último co texto "*El paño maravilloso*", incluído nos contos de *El Conde Lucanor*).
- Tamén co alumnado de ensino secundario, lectura e análise do conto da *Sereíña* dende a perspectiva de xénero.
- Actividades de investigación documental sobre Andersen, os lugares nos que viviu e polos que viaxou, a época na que escribiu, a presenza da súa obra na literatura, a pintura, o cine ou a música.
- Presenza do conto de Andersen na novela de Carmen Martín Gaité, "*La reina de las nieves*" (Anagrama, 1984).
- Análise dos obxectos presentes nos contos de Andersen. Creación de contos a partires de obxectos da vida cotiá, dotándoos ou non de cualidades máxicas. Exposición dos contos elaborados xunto cos obxectos que lles deron vida.

* Pódense consultar no nº10 da Revista Galega de literatura infantil e xuvenil, Fadamorgana, os artigos do Grupo Andersen, con propostas concretas sobre algúns contos

Un libro con catrocentos anos de historia: "O Quixote" ("Don Quijote de la Mancha")

Do sublime cerebro de Cervantes,
Despóis d'un soño aspérrimo e ferreño,
Armado d'unhas armas rutilantes
Un fantasma surgío, alto e cenceño.

¡Parto estupendo! –O siglo irreverente
E o fantasma sublime se miraron;
Admirándose os dous; -e frente a frente,
Con maravilla os dous se contemplaron.

Absorto d'estupor, o siglo rudo
Escramóu: -¿Quién hé este gigantéo...?
E o fantasma, chocando lanza e escudo,
Dixo airado: -¿Quién hé este pigmeo...?

Eduardo Pondal (co gallo do *Terceiro Centenario da publicación de "El Quijote"*)



Achegándonos a Don Quixote

Cómpre pór coidado en non afogar as gañas de ler dos máis novos, ofertándolle textos que resulten moi alleos ao seu grao de madurez persoal e lectora. Porén, a figura de Don Quixote resulta moi atractiva para grandes e pequenos, e a forte presenza mediática da obra neste ano do IV Centenario da súa publicación, pode ser aproveitada como elemento motivador. Escolleranse as actividades para o alumnado tendo en conta a súa idade e nivel de comprensión.



Dende a Biblioteca escolar débense articular as diversas actividades que se leven a cabo no centro así como organizar actividades que faciliten o achegamento á obra de Cervantes:

- Exposicións de diversas edicións de "El Quijote"
- Narración de pasaxes motivadores do Quixote.
- Lectura de pequenos textos extraídos das adaptacións de calidade que se veñen de publicar
- Lecturas compartidas con presenza dos diferentes membros da comunidade escolar
- Visionado de películas sobre a obra
- Audicións musicais de cancións que falan deste personaxe
- Traballos plásticos
- Lecturas dramatizadas de textos axeitados
- Propostas de escritura creativa a partires das lecturas

Empregando as distintas fontes informativas....

- Proxectos de investigación documental (consultando dicionarios, enciclopedias, revistas, monografías, fontes informativas de internet, material audiovisual e multimedia) sobre:
 - ◆ Miguel de Cervantes, a súa época, a súa obra.
 - ◆ A presenza do Quixote na linguaxe (quixotesco,

quixotada...), a poesía, pintura, a música, o teatro e as artes en xeral.

- ◆ Estudo dos obxectos, os libros, as comidas, o vestido, os lugares, etc., presentes na historia de Don Quixote.

O Quixote redivivo: últimas edicións

- *O enxeñoso fidalgo Don Quixote da Mancha*. Consellería de Cultura. Xunta de Galicia, 2005
- *Don Quijote de la Mancha*. Carlos Reviejo (texto en versos octosílabos pareados; os dous primeiros apartados dedicados respectivamente a Cervantes, ás aventuras máis salientables de Don Quijote e un terceiro en forma de pictogramas; Primeiros lectores). Madrid: Editorial SM, 2004
- *Historias del Quijote*. Aurora Sánchez. Oviedo: Ediciones Novel, S.A., 2001 (Lectores autónomos)
- *Aventuras de Don Quijote y Sancho*. Recreación de Concha López Narváz e prólogo de Ana M^a Matute. Madrid: Editorial Bruño, 2004 (Lectores autónomos/ 9-11 anos)
- *Don Quijote de la Mancha*. Adaptación de Eduardo Alonso. Madrid: Editorial Vicens Vives, 2004 (Lectores expertos/12-14 anos e xoves lectores/+15 anos; inclúe guía de lectura, personaxes e temas)
- *Mi primer Quijote*. José María Plaza. Madrid: Espasa Calpe, 2004 (Lectores expertos e xoves lectores; versión reducida e modernizada da primeira parte)
- *Don Quijote de la Mancha*. Adaptación de Agustín Sánchez Aguilar. Madrid: Editorial Vicens vives, 2004 (Lectores autónomos; inclúe glosario e propostas de comentarios e reflexións)
- *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha*. Edición, introdución e notas de Ángel Basanta. Madrid: Editorial Anaya, 2000 (Xoves lectores; selección de textos completos da obra. Inclúe apéndices sobre a presenza de Don Quijote na literatura, na arte, na música e no cine).
- *Don Quijote de la Mancha I. Don Quijote de la Mancha, II*. Edición, introdución, notas, comentarios e apéndice de Ángel Basanta. Madrid: Editorial Anaya, 1987 (Xoves lectores e adultos)
- *Don Quijote de la Mancha*. Miguel de Cervantes. Texto fixado por Francisco Rico. Madrid: RAE/Alfaguara, 2004 (Xoves lectores e adultos. Inclúe glosario con 7000 entradas; prólogo de Mario Vargas Llosa)



RECURSOS NA REDE

- www.quixote.tv (Portal de recursos sobre "El Quijote". Contén enlaces a actividades preparadas por profesorado de diversos centros escolares, láminas para colorear, información diversa....)
- www.juntadeandalucia.es/educacion/quijote/com/ Páxina especial da Consejería de Educación de la Junta de Andalucía, para a conmemoración do IV Centenario da publicación de "El Quijote". Propostas de actividades, web-quest sobre "El Quijote"....
- www.cervantesvirtual.com/bib_autor/cervantes/ (Acceso á fonoteca, entre outros, con lecturas de "El Quijote")
- www.cervantesvirtual.com/IVCentenario/ (Páxina oficial do IV Centenario)
- www.cervantesvirtual.com/ (Biblioteca virtual; acceso á versión sonora de "El Quijote".
- www.cadenaser.com/comunes/2004/quijote/index.php (Páxina especial de "Cadena Ser"; informacións e recursos; trivial sinxelo sobre "El Quijote")
- www.donquijotedelamancha2005.com/ruta2005.php (Páxina oficial de Castilla-La Mancha para o cuarto centenario; pódese descargar "El Quijote" en formato pdf; información variada)
- www.mcu.es/quijote/index.jsp (Páxina do Ministerio de Cultura co gallo do IV Centenario)
- www.educared.net/primerasnoticias/uni/cerv/udcer.htm (Unidade didáctica sobre Cervantes e a súa obra)
- www.auladeletras.net/material/cervan.pdf (Unidade didáctica sobre Cervantes, formato pdf)
- www.sgci.mec.es/usa/materiales/2004abr/pdf/6.pdf (Unidade didáctica sobre Cervantes, para secundaria e adultos estudantes de español)
- www.proyectoquijote.com/cms/ (Portal dedicado á novela de Cervantes; enlaces e informacións variadas)
- www.castillalamancha.es/clmquijote/Contenidos/Novela_caballerias/novelas_caballerias.htm#1 (Artigo amplo sobre os libros de caballerías e a súa influencia en "El Quijote")
- www.liceus.com/cgi-bin/tcua/1000.asp (Unidade didáctica sobre Cervantes e a súa obra)
- www.lavozdeg Galicia.es/especiales/2005/quijote/index.jsp (Especial de La Voz de Galicia-Dixital co gallo do IV Centenario)
- pep.bruno.eresmas.net/ (Páxina do escritor e narrador Pep Bruno; acceso ao "Club de lectura de El Quijote")

50 anos con Merlín e familia

Neste ano 2005 fai anos tamén un dos libros fundamentais no sistema literario galego e universal, *Merlín e familia*, que fora editado por Galaxia, por vez primeira, no ano 1955.

Álvaro Cunqueiro publica *Merlín e Familia* despois de escribir varios libros de poemas, iniciando así a súa obra narrativa. O mago Merlín anda refuxiado nas terras de Miranda xunto coa raíña *Ginebra*. Ata a súa casa chegan personaxes extraordinarios e por obra do vello mago ocorren alí moitos prodixios. De todos eles é testemuña un neno, Felipe de Amancia, que dende a distancia que dan os anos, lembra e conta aquela marabilla que viviu de preto, sendo criado do mago Merlín.

“Ás vegadas, por facer festa, o señor Merlín saía á eira, e nunha copa de cristal chea de auga verquía dúas ou tres gotas do licor que il chamaba “dos países”, e sorrindo, con aquela aberta sorrisa que lle enchía a franca faciana como enche o sol a mañán, preguntábanos de que que coor queríamos velo mundo, e sempre que a min me tocaba responder, eu decía que de azul, i entón don Merlín botaba a iauga, ao aé, e por un segundo o mundo todo, Esmelle todo arredor, as brancas torres de Belvís, as pombas i o can Ney, o roxo pelo de Maneoliña, a branca barba de mi amo, o cabalo tordo, as bidueiras de Quintás i o toxo da coroa do Castro, todo era unha longa nuben azul que pouco a pouco se esvaía. O señor Merlín sorría namentras secaba a copa con un pano mouro. Esmelle, selva longa i antiga, na memoria lévoa eu de azul pintada, como si un enorme e morno luar apousara, nun repente, na terra.”

Álvaro Cunqueiro: *Merlín e familia*



Álvaro Cunqueiro ou a imaxinación en marcha

Textos coma o anterior, e outras exquisiteces que agacha *Merlín e familia*, poden xa seren degustados polos máis pequenos, nun achegamento paulatino aos clásicos da literatura galega.

Na procura de lectores que gosten da linguaxe e das historias, Álvaro Cunqueiro é un bo aliado. Con este obxectivo, e dende a Biblioteca escolar, poderá aproveitarse esta ocasión para organizar algunha actividade de fomento da lectura:

- Organizar unha exposición de libros de diversos autores, épocas e xéneros, nos que aparece o mago Merlín e outros personaxes do ciclo artúrico.
- Organizar unha lectura compartida dalgunhas pasaxes de “*Merlín e familia*”.
- Escoller algún dos personaxes prodixiosos que visitan a Merlín e propoñer a recompilación de contos e lendas nos que aparezan personaxes semellantes: doncelas enmeigadas, sereas, mouros, magos, ananos....
- Propoñer actividades de escritura a partires dalgún texto ou personaxe especialmente motivador para o grupo de alumnos do que se trate: unha noticia para o xornal relatando algún feito dos narrados por Felipe de Amancia, un conto, un poema, unha pasaxe da obra narrada dende outro punto de vista....
- *Merlín e familia* está escrito como un libro de memorias dun home que lembra a súa infancia. Buscar outras novelas que parten do mesmo esquema. Ler os principios desas novelas.

A biblioteca escolar, un espazo para o achegamento aos clásicos



Ute Krause: *O menino que non gustaba de ler*. Edit. Presença

Non se len os clásicos por deber ou por respecto, senón só por amor. Agás na escola: a escola debe facerche coñecer ben ou mal certo número de clásicos entre os que (ou con referencia aos que) poderás recoñecer despois os teus clásicos. A escola está obrigada a darche instrumentos para efectuar unha elección; pero as eleccións que contan son as que ocorren fóra ou despois de calquera escola.

Italo Calvino: *¿Por que ler aos clásicos?*

Un dos retos que ten a institución escolar, en relación ao fomento de hábitos lectores, é o de mudar estratexias de xeito que os alumnos e alumnas non desenvolvan defensas fronte á lectura, facilitándolles a experiencia de compartir libros e lecturas dunha forma grata e enriquecedora.

Cando se trata de mellorar a competencia literaria do alumnado, cómpre unha reflexión sobre as prácticas nas aulas, comezando pola selección dos textos que se propoñen para ler e analizando as actividades que se programan arredor dos mesmos, e o seu rendemento real. Para favorecer o achegamento ao patrimonio cultural común, a escola ha ter presentes aos clásicos, que aportan referentes básicos, pero debe acoller tamén as obras que xa se recoñecen como clásicos da literatura infantil e xuvenil.

O debate sobre a inclusión de certas obras clásicas, que non conectan cos xoves da sociedade actual, dáse principalmente no ensino secundario, onde os contidos curriculares marcan as seleccións do profesorado, xerando ás veces un rexeitamento entre os adolescentes que din “non entender nada”. A elaboración de itinerarios lectores que acollan textos considerados como necesarios para a formación literaria e que se abran a novas incorporacións igualmente válidas para esta formación, pero nas que se poidan recoñecer máis doadamente, faise imprescindible.

Pero tamén as prácticas de lectura e achegamento aos clásicos poden modificarse, axudando “a entrar” nos libros máis esixentes cos lectores xoves:

- Mediante a narración ou lectura en voz alta por parte do adulto.
- Introducendo a lectura con narracións ou explicacións de aspectos que faciliten a comprensión.
- Mediante a lectura de fragmentos significativos, a modo de degustación.
- Favorecendo un coñecemento previo da obra a través da súa versión cinematográfica ou a través de películas, cadros, música... que motiven e faciliten a posterior lectura.
- Artellando proxectos de traballo relacionados co libro proposto.
- Facilitando espazos e tempos para lecturas compartidas e diálogo informal ou formal sobre o contido da obra, así como actividades de expresión diversas a partires da obra (oral, escrita, plástica, dramatizada, audiovisual, multimedia...)
- A partires de adaptacións a cargo de autores de probada calidade literaria: estanse a publicar adaptacións moi solventes de obras clásicas que poden ser unha alternativa (estas revisións dos clásicos poden adaptar a linguaxe á rexistros máis actuais, abreviar a obra ou ofertar unha lectura dende diferente perspectiva, contando coas posibilidades de comprensión por parte dos lectores novos)

A biblioteca escolar, un espazo para o achegamento aos clásicos

JULIO VERNE, CEN ANOS DESPOIS

Cúmprense no 2005 os cen anos do falecemento de Julio Verne.

Pode ser un momento para lembrar a este escritor fundamental do universo literario, que os xoves tomaron como propio. Parte da súa obra foi traducida ao galego:

- ⊗ *A volta ao mundo en oitenta días*. Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarán
- ⊗ *Viaxe ao centro da terra*. Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarán
- ⊗ *Da terra á lúa*. Edicións do Cumio
- ⊗ *Vinte mil leguas baixo dos mares*. Ir Indo Edicións

PETER PAN, XOVE CENTENARIO

Xa van aló cen anos dende o nacemento de Peter Pan, o rapaz que non quería enfrontarse aos problemas que trae medrar. Hai na nosa lingua dúas publicacións para os lectores xoves:

- ⊗ *Peter Pan*. James Matthew Barrie. Editorial Galaxia-Árbore
- ⊗ *Peter Pan nos xardíns de Kensington*. James Matthew Barrie. Editorial Sotelo Blanco

O SEÑOR DOS ANEIS, MEDIO SÉCULO

Tolkien publicaba o último tomo de O señor dos aneis no ano 1955. O cine vén de facer universal unha obra de culto, clásica xa no imaxinario colectivo dos máis novos, que poden tamén ler na nosa lingua:

- ⊗ *O señor dos aneis I. A irmandade do anel*. J.R.R. Tolkien. Edicións Xerais – Fóra de Xogo
- ⊗ *O señor dos aneis II. As dúas torres*. J.R.R. Tolkien. Edicións Xerais – Fóra de Xogo
- ⊗ *O señor dos aneis III. O regreso do Rei*. J.R.R. Tolkien. Edicións Xerais – Fóra de Xogo

Outras lecturas dos clásicos

- *Palos de ciego*. Eduardo Alonso. Acento Editorial. (As aventuras do Lazarillo de Tormes dende o punto de vista do cego).
- *Memorias de Cortadillo*. Julio de la Rosa. Alfaguara Juvenil (Diego Cortado, xa vello, conta as súas memorias por mandato do seu pai espiritual. Lembrará a Pedró Rincón, o seu compañeiro de fatigas nos seus primeiros anos ao servizo de Monipodio, a Miguel de Cervantes, narrador das súas aventuras...)
- *Los narradores cautivos*. José M^a Merino, Antonio Martínez Menchén e J.F. Martínez. Alfaguara Xuvenil. (Os asistentes a un Congreso de literatura sobre Sherezade que se celebra no Cairo, son secuestrados polo Exército Popular da Vontade de Alá. Un grupo dos alí reunidos, críticos literarios, deciden evadirse contando historias. Revisan as grandes obras da literatura universal)
- *Días de Reyes Magos*. Emilio Pascual. Edit. Anaya. (Un pai inventa unha trama para presentarlle ao seu fillo as grandes obras da literatura universal; cada certo tempo aparecen no buzón do rapaz un paquete con libros, entre outras sorpresas que van motivar a súa lectura)



O MUPEGA (Museo Pedagógico de Galicia) prepara unha exposición sobre O Quixote para o mes de Abril, con diversas edicións do libro, informacións sobre esta obra e sesións de contacontos arredor dos personaxes e a época de Miguel de Cervantes.

MÁIS INFORMACIÓN NO PROPIO MUSEO.
TEL. 981 540 155

INFORMACIÓN

Asesoría Bibliotecas Escolares: bibliotecasescolares@edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Centros
e Ordenación Educativa



Galicia
camiños de
concordia